

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE
INTERÉS GENERAL ENTRE GAS NATURAL SDG, S.A. Y FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con GAS NATURAL SDG, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de xuño de 2016 ao 18 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa FUNDACIÓN a través dunha aportación económica de 30.000 euros (trinta mil euros) que este último destinará integramente e con carácter exclusivo ao desenvolvemento da exposición Rostros del País.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia segundo os seus estatutos, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.



En cumprimento do seu obxecto a Fundación dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento e apoio de eventos culturais de interese para a difusión de Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición ROSTROS DO PAÍS, unha exposición que permanecerá aberta no Biblioteca e Arquivo de Galicia do 15 de xullo ao 18 de setembro de 2016.

A exposición Rostros do País é un proxecto fotográfico a modo de gran retrato colectivo de Galicia que se elaborará a partir das individualidades que a compoñen. Retratadas en fotografías creativas achegadas ao fotodocumentalismo, veremos a persoas que triunfan nas súas respectivas actividades e sectores, pero tamén a persoas que, sen destacar especialmente, no seu traballo diario contribúen a que este país funcione: as xentes do común retratadas todas elas nunha radiografía do país nun intre determinado. A exposición terá lugar no Hall da Biblioteca e Arquivo de Galicia.

GAS NATURAL FENOSA é unha das dez primeiras multinacionais enerxéticas europeas e líder en integración vertical de gas e electricidade de España e Latinoamérica, ademais do maior operador mundial de GNL na conca atlántica. GAS NATURAL FENOSA mantén un compromiso de contribución ao desenvolvemento que vai máis aló da súa actividade empresarial. Este concrétase nun amplo labor de patrocinio en iniciativas que xeren un alto valor para a sociedade, polo que está interesada en colaborar coa exposición Rostros do País.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 09 de xuño 2016

(asinado dixitalmente)

